

Presentación da materia

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Curso	2º BAC
----------------	------------------------------------	--------------	---------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua - Creación de palabras. As relacións léxico-semánticas. Clases de palabras. As formas verbais e as distintas perífrases verbais. Os sintagmas. A oración simple. - Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados</p> <p>3.- Literatura A poesía española do século XX: O Modernismo. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez. O grupo poético do 27. <i>Romancero gitano</i>, García Lorca. A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil.</p>
2ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua: A oración composta. Oracións compostas por coordinación e subordinación substantiva e adxectiva. - Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados</p> <p>3.- Literatura A novela española do século XX: A xeración do 98. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil. A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. <i>El lector de Julio Verne</i>, Almudena Grandes.</p>
3ª Avaliación	<p>1.- Comprensión e redacción de textos expositivos e argumentativos</p> <p>2.- Coñecemento da lingua: A oración composta por subordinación adverbial. - Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados</p> <p>3.- Literatura A narrativa hispanoamericana da 2ª metade do S.XX. <i>Crónica de una muerte anunciada</i>, Gabriel García Márquez. O teatro español do século XX: O teatro anterior á Guerra Civil. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil; a renovación do teatro. A. Buero Vallejo, <i>La Fundación</i>.</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Instrumentos: EXAMES (100%)

A materia é acumulativa e non existen exames de recuperación. Ao finalizar a terceira avaliación todos os alumnos/-as deberán examinarse de toda a materia.

Realizaranse dous exames en cada avaliación sobre os contidos estudados, tanto de comprensión e redacción de textos coma de coñecemento da lingua e da literatura.

Presentación da materia

Poderá descontarse ata 2 puntos pola incorrección ortográfica ou por erros continuados na utilización dos signos de puntuación ou na redacción. Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida, 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran), 0.1 por cada dous erros no léxico e de redacción (coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé, galeguismos, discordancias, outras incorreccións sintácticas,...)

LECTURAS OBRIGATORIAS:

1ª avaliación: *Romancero gitano*, García Lorca

2ª avaliación: *El lector de Julio Verne*, Almudena Grandes.

Crónica de una muerte anunciada, García Márquez

3ª avaliación: *La Fundación*, Buero Vallejo.

As lecturas forman parte dos contidos da materia, polo que son avaliadas con preguntas nos exames, tanto de comprobación da lectura coma de coñecemento sobre a teoría estudada e a comprensión da mesma a través de fragmentos.

2. Procedementos de avaliación:

A nota da avaliación sairá da media ponderada das notas dos dous exames de avaliación: o 1º exame vale o 40% e o 2º, o 60%.

A nota final da materia será a media ponderada entre as tres avaliacións, do seguinte xeito: a nota da 2ª avaliación vale o dobre que a nota da 1ª av. e a nota da 3ª vale o triplo. O resultado divídese entre 6.

Aprobará a materia quen teña de media ponderada unha nota ≥ 5

PROBA EXTRAORDINARIA:

Aqueles/as alumnos/-as que non aproben a materia na convocatoria ordinaria, examinaranse de todo o temario na proba extraordinaria. Nesta proba seguirase o modelo dos exames de selectividade polo que haberá, como mínimo, unha pregunta sobre as lecturas obrigatorias.

Para aprobar é necesario ter unha nota mínima dun 5. Aplicaranse as mesmas penalizacións por erros que nos exames realizados durante o curso. Os mínimos esixidos dos estándares obxecto de preguntas serán os mesmos que os establecidos para os exames do curso.